

## TFGs: CURSO 2018/2019:

### CALENDARIO FEBREIRO 2019:

- **22/02/2019:** Comisión de TFGs para a aprobación e publicación de:
  - **listaxe provisoria de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que deberán elixir no acto público de elección de TFGs. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección.
  - **oferta de TFGs** que integran a listaxe xeral da FEE para a elección.
- **26/02/2019 ás 14.30 h:** Remate do prazo para a **tramitación de TFGs bilaterais e prórrogas** polos estudantes e profesores. As prórrogas e os bilaterais presentaranse na Administración da facultade.
- **27/02/2019:** Comisión de TFGs para:
  - aprobación das propostas de bilaterais e prórrogas.
  - publicación da **listaxe definitiva de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que deberán elixir no acto público de elección de TFGs. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección.
- **28/02/2019:** Acto público de elección de TFGs para alumnos matriculados que non teñen traballo asignado (hora 18.30 h na aula 0.6).
- **01/03/2019:** Comisión de TFGs para asignar TFGs a estudantes sen TFGs asignados no proceso anterior.

### TRAMITACIÓN DUNHA PRÓRROGA DE TFG

Se o profesor e un estudante acordan prorrogar un TFG iniciado un curso anterior, deberán presentar a solicitude na Secretaría do Decanato no formato previsto que figura na web da FEE. Este documento deberá estar asinado por ambas as partes.

Importante: non se pode solicitar a prórroga dun TFG que xa fose prorrogado anteriormente.

### TRAMITACIÓN DUN TFG BILATERAL

Os estudantes matriculados poderanse dirixir aos profesores concretos en función dos temas que lles resulten de interese para a realización do TFG. Se existir acordo, presentarán na Secretaría do Decanato o documento previsto asinado polo titor e polo estudante. Estes TFGs non se restan da listaxe xeral de TFGs ofertados pola FEE. Unha vez aprobada a proposta de bilateral pola comisión, o profesor e estudante poden comezar a realizar o TFG.

### ACTO PÚBLICO DE ELECCIÓN DE TFG

Deberán asistir os estudantes matriculados na materia de TFGs que non teñan un TFG bilateral ou prorrogado.

- Lugar: Aula 0.6 da FEE
- Día: 28/02/2019
- Hora: 18.30 h.

NOTA: Ausencia ao acto de elección: Se un estudante non se presentar no acto de elección, perde a posibilidade de elixir TFG e asume que a comisión de TFGs lle vai asignar un traballo dos dispoñibles.